

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión extraordinaria o 10 de abril de 2015, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre o “*Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación dos albergues turísticos*”:

“ANTECEDENTES

A Axencia Turismo de Galicia remite o 18.03.2015 para o seu informe, o *Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación dos albergues turísticos*.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Competencia

Emítese este informe de conformidade co disposto nos artigos 7 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia e 6.1 a) do Decreto 149/2012, do 5 de xullo, polo que se regula o Consello do Turismo de Galicia, que establecen entre as funcións do Consello do Turismo de Galicia a de informar, con carácter previo á súa aprobación, sobre as disposicións regulamentarias que se diten en desenvolvemento da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia.

Este proxecto de decreto é unha norma regulamentaria que se dita en desenvolvemento da citada Lei de turismo de Galicia.

2. Marco xurídico

- Os artigos 148.1.18 da Constitución española e 27.21 do Estatuto de Autonomía de Galicia dispoñen que lle corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de promoción e ordenación do turismo dentro do seu ámbito territorial.

- En base ao citado título competencial apróbbase a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, que regula no seu título IV “Da ordenación das empresas turísticas” os albergues turísticos como empresas de aloxamento turístico.

A Lei 7/2011 define con carácter xeral, no seu artigo 74, os albergues turísticos como establecementos que ofrecen aloxamento por praza, maioritariamente en cuartos de capacidade múltiple, con ou sen servizos complementarios; remitíndose ao seu desenvolvemento regulamentario para o establecemento dos requisitos que sirvan de criterio para a clasificación destes establecementos.

Sobre a base desta habilitación normativa, o decreto agora examinado desenvolve a devandita lei autonómica e regula a actividade dos establecementos hoteleiros.

A disposición adicional quinta inclúe nos albergues turísticos a categoría de albergues de peregrinos dos camiños de Santiago, e dispón que a normativa que os regule terá en consideración a súa función hospitalaria e a ausencia de ánimo de lucro.

3. Observacións de mellora do texto

- Mellorar a redacción do artigo 17 c) de xeito que se aclare o seu contido, evitando problemas interpretativos na súa aplicación práctica.
- No artigo 28 esixir a instalación de ascensor aos albergues turísticos de primeira categoría que contén con planta baixa máis dúas plantas, e aos de segunda categoría que contén con planta baixa máis tres plantas.

Por todo o exposto, o Consello do Turismo de Galicia,

INFORMA

Favorablemente o *Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación dos albergues turísticos*, pola a súa adecuación á normativa sectorial vixente.”